

RESOLUCIÓN CONSOLIDADA DA XERENCIA POLA QUE SE REGULA O PROCESO DE COMPROBACIÓN DAS EXIXENCIAS ESPECÍFICAS DOS GASTOS FINANCIADOS POLOS FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

1. ANTECEDENTES

A Universidade da Coruña é beneficiaria de fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado con fondos do Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia. O novo marco legislativo regulador do dito financiamento -compuesto fundamentalmente polo Regulamento (UE) 2021/241 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), a Resolución do 29/04/2021, da Subsecretaría, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 27/04/2021, polo que aproba o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, o Real decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia e as ordes HFP/1030/2021, e HFP/1031/2021, do 29 de setembro, polas que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia- prevé a adopción de todas as medidas adecuadas para protexer os intereses financeiros da Unión, e para velar por que o uso destes fondos se axuste a Dereito, en particular no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

Para levar a cabo as actividades financiadas cos fondos mencionados serán executados con cargo a aplicacións orzamentarias en que a clasificación orgánica inclúa as siglas NG, conforme ao establecido na Resolución da Xerencia e da Vicerreitoría de Economía e de Planificación Estratéxica do 23/12/2021, de clasificación de ingresos e gastos de financiamento alleo.

2. CUMPRIMENTO DE REVISIÓN DOS ASPECTOS MÁIS RELEVANTES

Unha vez analizada a lexislación vixente na data da presente resolución, establécese que para garantir os principios de loita contra a fraude e as exixencias, específicas en materia de execución dos fondos, haberá que revisar os 11 puntos asignados na lista de verificación que se xunta en formato Excel e que contén en cada punto o acceso á páxina antifraude da UDC para descargar os formularios correspondentes.

Esta lista deberá ser cuberta e asinada polo persoal responsable de asuntos económicos (AAEE)/tramitadores de asuntos económicos.

Código Seguro De Verificación	61PhGx+bQjEjx8xzuFvaFA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	03/04/2023 14:46:52
Observacións		Páxina	1/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/61PhGx+bQjEjx8xzuFvaFA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ORDE	MODELO	DESCRIPCIÓN MODELO	NO CASO DE NON SER NECESARIO MOTIVAR A XUSTIFICACIÓN
1	V1-V1.1-V1.2	DACI MESAS DE CONTRATACION E ORG. CONCEDENTES SUBV/ DACI XENÉRICA / DACI EMPRESAS	<input type="checkbox"/> SI
2	V2	MODELO DE DECLARACIÓN DE CESIÓN DE DATOS	<input type="checkbox"/> SI
3	V3	DECLARACIÓN COMPROMISO EXECUCIÓN	<input type="checkbox"/> SI
4	V4	DECLARACIÓN SOBRE A SUBCONTRATACIÓN	<input type="checkbox"/> SI
5	V5	DECLARACIÓN DO SUBCONTRATISTA	<input type="checkbox"/> SI
6	V6	DECLARACION RESPONSABLE MEDIO AMBIENTE	<input type="checkbox"/> SI
7	V6.1	CUESTIONARIO MEDIO AMBIENTE	<input type="checkbox"/> SI
8	V7	COMPROBACIÓN NON EXISTENCIA DOBRE FINANCIACIÓN	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> SI revisado AA EE
9	1-B, 1-D	COMPROBACIÓN DE QUE NO GASTO (FACTURA, BOLSA, ...) FAISE REFERENCIA Á FINANCIACIÓN ALLEA, COMPOÑENTE E LIÑA DE ACCIÓN DOS FONDOS NEXT GENERATION, REFERENCIA DO PROXECTO / CODIGO DA CONVOCATORIA DA BNDS OU IDENTIFICACION DO CONTRATO MENOR NOS ANEXOS 1-B E 1-D	<input type="checkbox"/> SI
10		COMPROBACIÓN BANDEIRAS ROXAS	<input type="checkbox"/> SI
11	V8	CONFIRMACIÓN NO EXISTENCIA CONFLICTO TRAS ANALISIS MINERVA	<input type="checkbox"/> SI

No caso de non dispor dalgunha da información da lista antes de realizar o gasto, haberá que a obter posteriormente para completar o expediente.

As persoas responsables dos diferentes servizos e unidades informarán o novo persoal que se incorpore á unidade do deber de asinar a declaración xenérica de ausencia de conflitos de interese (DACI) para os expedientes de contratación administrativa menor e de contratación de persoal laboral temporal financiadas polo capítulo VI e remitiranlle esta DACI ao Servizo de PAS/PDI para archivar no repositorio electrónico que corresponda.

No caso de que a convocatoria/axuda/convenio estableza uns modelos ou formatos propios, serán os propios da convocatoria os que haberá que utilizar e os modelos desta resolución serán supletorios aos da convocatoria.

2.1 DACI

A declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) será asinada do seguinte xeito:

A- Licitacións públicas: nos procedementos de contratación administrativa mediante licitación pública e para convocatorias de subvencións vinculados ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia (a partir de agora PRTR) ou a financiamento europeo, independentemente de como se lle adxudique á UDC, estarán obrigadas a cubrir unha DACI (V1) todas as persoas que interveñen nos procedementos de concesión de subvencións e de contratación, en todo caso:

- aquela responsable do órgano de contratación ou de concesión de subvencións
- a persoa que redacte os documentos de licitación, as bases e/ou as convocatorias
- os/as expertos/as que participen na avaliación das solicitudes, ofertas ou propostas
- os membros dos comités de avaliación de solicitudes, ofertas ou propostas e demais órganos colexiados dos citados procedementos. No caso dos órganos colexiados, a dita declaración poderana facer todos os intervinientes ao comezo da correspondente reunión, o que se reflectirá na acta
- os contratistas e subcontratistas no caso de ser adxudicatarios dun contrato (modelo V1.2)
- as persoas beneficiarias das axudas

O Servizo de Contratación, de acordo coa Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan

Código Seguro De Verificación	61PhGx+bQjEjx8xzuFvaFA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	03/04/2023 14:46:52
Observacións		Páxina	2/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/61PhGx+bQjEjx8xzuFvaFA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



de recuperación, transformación e resiliencia, terá que consultar na base de datos MINERVA o posible conflito de intereses dos membros das mesas de contratación e das persoas que tivesen que realizar informes de cumprimento dos pregos (órganos ou persoas de asistencia técnica). Unha vez consultado, xuntaranlle ao expediente o resultado da citada consulta. Nestes casos será preciso incorporar os modelos da DACI do Anexo V.1 novo. No caso de que a consulta en Minerva certificase a existencia dunha bandeira vermella, a persoa interesada deberase abster do procedemento ou, de ser o caso, cubrirá o anexo V.8.

B- Contratos menores vinculados ao PRTR: deberán asinar unha DACI xenérica (V1.1), por cada exercicio económico, as persoas responsables e xestores de UXXIE-EC (directores de centro de gasto, responsables de proxectos (IP), convenios, contratos artigo 83 da LOU e persoal responsable de AAEE/tramitadores de asuntos económicos.

Cando se incorpore un novo persoal a un centro ou servizo, o/a responsable dese centro, servizo ou unidade deberá tramitar a correspondente sinatura da DACI e enviárla ao Servizo de PAS ou PDI segundo corresponder.

Deberán tamén asinar a DACI as empresas seleccionadas para a realización do contrato menor (modelo V1.2)

C- Convocatorias de subvencións: nas convocatorias internas de subvencións financiadas con fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (a partir de agora PRTR) ou financiamento europeo, independentemente de como se lle adxudique á UDC, terán a obrigatoriedade de cubrir unha DACI (V1) todas as persoas que interveñen nos procedementos de concesión de subvencións, en todo caso:

- a persoa responsable de concesión de subvencións
- a persoa que redacte as bases e/ou as convocatorias
- os expertos que participen na avaliación das solicitudes ou propostas
- os membros dos comités de avaliación de solicitudes ou propostas e demais órganos colexiados dos citados procedementos. No caso dos órganos colexiados, a dita declaración poderana facer todos os intervenientes ao comezo da correspondente reunión, o que se reflectirá na acta
- as persoas que efectúen trámites económicos en relación coa axuda
- as persoas beneficiarias das axudas

Os servizos ou unidades que resolvan e outorguen axudas, bolsas ou subvencións de calquera tipo financiadas con fondos do PRTR (tales como o SERIN) de acordo coa Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, terán que consultar na base de datos MINERVA o posible conflito do órgano competente para a concesión e os membros dos órganos colexiados de valoración de solicitudes, nas fases de valoración de solicitudes e resolución de concesión. Nestes casos será preciso incorporar os modelos da DACI do anexo V.1 novo. No caso de que a consulta en Minerva certificase a existencia dunha bandeira vermella, a persoa interesada deberase abster do procedemento ou, de ser o caso, cubrir anexo V.8.

Código Seguro De Verificación	61PhGx+bQjEjx8xzuFvaFA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	03/04/2023 14:46:52
Observacións		Páxina	3/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/61PhGx+bQjEjx8xzuFvaFA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



2.2 Modelo de Autorización de cesión de datos (V2)

Esta autorización deberá ser enviada pola empresa seleccionada para executar un gasto. As persoas responsables de AAEE/tramitadores de asuntos económicos solicitarán este escrito a cada empresa que resulte adjudicataria antes de realizar o encargo a través do modelo que se xunta a esta resolución ou no momento de recibir a factura correspondente. No caso de existir subcontratación, esta declaración debe ser asinada tamén pola empresa subcontratista.

No caso de bolsas ou contratos laborais, convenios, debe ser asinado pola persoa beneficiaria e ser custodiado polo servizo correspondente.

2.3 Declaración compromiso execución (V3)

Esta declaración deberá ser enviada pola empresa seleccionada para executar un gasto. As persoas responsables de AAEE/tramitadores de asuntos económicos solicitarán este escrito a cada empresa que resulte adjudicataria, antes de realizar o encargo, a través do modelo que se xunta a esta resolución ou no momento de recibir a factura correspondente. No caso de existir subcontratación, esta declaración debe ser asinada tamén pola empresa subcontratista, ademais dos anexos que figuran nos puntos 2.4 e 2.5 desta resolución.

2.4 Declaración sobre a subcontratación (V4)

As persoas responsables de AAEE/tramitadores de asuntos económicos solicitarán este escrito a cada empresa que resulte adjudicataria, antes de realizar o encargo a través do modelo que se xunta a esta resolución ou no momento de recibir a factura correspondente. No caso de que non exista subcontratación deberá quedar así especificado na citada declaración.

Considérase subcontratación cando o contratista contrata á súa vez cun terceiro a realización parcial da prestación que constitúe o obxecto do contrato. A diferenza coa cesión dun contrato é que na subcontratación o subcontratista non se subroga na posición do contratista, que seguirá sendo o único responsable ante a Administración.

2.5 Declaración da empresa subcontratista (V5)

Esta declaración deberá ser asinada unicamente no caso de que a empresa adjudicataria declare que vai realizar a subcontratación de parte do servizo ou obra. De ser así, a empresa subcontratista deberá asinar á súa vez os compromiso de adhesión ao plan da UDC, as autorizacións de cesión de datos e os compromisos de execución (apartados 2.2 e 2.3).

2.6 Declaración responsable medio ambiente (V6)

A declaración responsable sobre o cumprimento do principio de non prexuízo significativo aos seis obxectivos ambientais (DNSH) no sentido do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 será asinada polo/a responsable do proxecto (IP), responsable do convenio/contrato artigo 83 da LOU/axuda. Deberase asinar unha única declaración por proxecto, xa que a UDC non levará a cabo actuacións das mencionadas na declaración como prexudiciais para o medio ambiente.

Código Seguro De Verificación	61PhGx+bQjEjx8xzuFvaFA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	03/04/2023 14:46:52
Observacións		Páxina	4/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/61PhGx+bQjEjx8xzuFvaFA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



No caso de convenios, esta declaración será asinada polo/a responsable que propoña o convenio.

2.7 Cuestionario Medio ambiente (V6.1)

O cuestionario de autoavaliación do cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) será asinado polo/a responsable do proxecto (IP), responsable do contrato ou promotor que inicie un expediente de gasto/responsable do convenio/contrato artigo 83 da LOU/axuda.

- Deberase asinar un único cuestionario por proxecto, convenio/contrato artigo 83 da LOU/axuda no caso de que os gastos previstos no proxecto non causen un prexuízo significativo ao medio ambiente.

En todos os casos enumerados nos apartados anteriores, no suposto de existir algún gasto que poida causar o dito risco (adquisición de equipos científicos con radiación, actuacións con residuos perigosos...) haberá que asinar un cuestionario específico para a actuación ou o gasto en cuestión.

2.8 Comprobación da existencia de dobre financiamento

Haberá que asinar o cuestionario anexo V.7 para cada proxecto, axuda ou subvención recibida na UDC por parte da persoa responsable do convenio, IP do proxecto... en que indique se existe financiamento adicional para os mesmos fins.

A maiores, as persoas responsables de AAEE/tramitadores de asuntos económicos comprobarán que o gasto en cuestión (factura, axuda de custo, bolsa...) non se financia con cargo a dúas fontes de financiamento alleo diferentes. A comprobación quedará marcada na lista. No caso de existir dúas fontes de financiamento haberá que analizar se son compatibles expresamente ou, de ser o caso, denegar o expediente.


2.9 Comprobación sobre as referencias ao financiamento alleo, compoñente, liña de acción dos fondos Next Generation, referencia do proxecto/código da convocatoria da BDNS ou identificación do contrato

En todas as facturas, bolsas, impresos de conferencias, contratos laborais etc. haberá que solicitar ou incluír a referencia ao financiamento, xa sexa mediante a incorporación dos logotipos do proxecto, a referencia á axuda que financia o gasto, o compoñente e a liña de acción dos fondos Next Generation, a referencia do proxecto e o código da convocatoria da BDNS segundo corresponda en cada caso. Estes datos deberanse incorporar no apartado obxecto do contrato do anexo I-B ou no apartado obxecto da solicitude no anexo I-D establecidos para a contratación administrativa menor na UDC e na contratación laboral nos anexos III e IV do Servizo de Investigación.


2.10 Comprobación de bandeiras vermellas

As bandeiras vermellas que se definen no plan de medidas antifraude da Universidade da Coruña son unha serie de indicadores que serven para avaliar a posible existencia de fraude ou conflito de intereses á hora de executar un gasto. Non se trata de medidas de

Código Seguro De Verificación	61PhGx+bQjEjx8xzuFvaFA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	03/04/2023 14:46:52
Observacións		Páxina	5/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/61PhGx+bQjEjx8xzuFvaFA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



fiscalización, senón de sinais de aviso. No caso de que unha vez analizadas as bandeiras vermellas se poida detectar unha posible fraude ou conflito de interese, haberá que llo comunicar ao xefe de servizo ou responsable da unidade en cuestión para dar traslado á comisión antifraude.

Código Seguro De Verificación	61PhGx+bQjEjx8xzUFvaFA==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	03/04/2023 14:46:52	
Observacións		Páxina	6/7	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/61PhGx+bQjEjx8xzUFvaFA==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			


ANEXO MODELO DE OFICIO PARA ENVIAR A EMPRESAS QUE RESULTEN ELIXIDAS OU ADXUDICATARIAS EN CONTRATOS MENORES/GASTOS MENORES

A Universidade da Coruña solicitou da súa empresa un orzamento para prestar un servizo/obra/subministración/executar un encargo... Debido a que este gasto vai ser financiado con cargo a fondos que proveñen do Plan de recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea, é preciso que envíe os seguintes anexos cubertos, que son necesarios para cumprir coas condicións de elixibilidade dos fondos que financian o gasto:

- Declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI V.1.2)
- Autorización de cesión de datos (V2)
- Declaración de compromiso de execución (V3)
- Declaración sobre a subcontratación (V4)
- Declaración do subcontratista (V5) e autorización da cesión de datos do subcontratista (V2), unicamente no caso de que vaia subcontratar cun terceiro parte da execución do encargo.

Así mesmo, comunicámoslle que, de ser o adxudicatario do contrato ou pedido en cuestión, teñen que figurar na factura os datos relativos á publicidade das fontes de financiamento e os datos do proxecto, que se lle remitirán no contrato menor. De non ser posible, debe enviar un documento ou un anexo á factura onde figuren estes datos.

A súa colaboración é necesaria (imprescindible) para a correcta execución dos fondos.

Código Seguro De Verificación	61PhGx+bQjEjx8xzUFvaFA==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	03/04/2023 14:46:52	
Observacións		Páxina	7/7	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/61PhGx+bQjEjx8xzUFvaFA==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			